



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2023 • Nº 275




FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28					

O DÍA DE ROSALÍA!

■ Vedra conmemora o Día de Rosalía cun espazo moi especial dedicado a ela na Xornada da Camelia!



*Meu lar, meu fogar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!*

VEDRA FESTEIRA!!

■ FESTAS DO SAN BLAS en San Mamede de Ribadulla.

- **Sábado 4 de febreiro:**
Misa na capela ás 13:00 horas na honra a San Gregorio.
- **Domingo 5 de febreiro:**
Misa na capela ás 13:00 horas na honra a San Blas e sesión musical a cargo da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.

O ENTROIDO EN VEDRA

■ O 18 de febreiro "Festa da Cacheira" e "Carnavais" en Vilanova.

Prezo: 25 € persoas adultas e 10 € menores de 14 anos.

Reservas nos teléfonos 620 976 311 e 649 809 101 ou no mail comisiondepicon@gmail.com antes do día 14 de febreiro.

FESTA DA CACHEIRA 2023

A COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PEDRO DE VILANOVA
Filloas, cacheira e orellas a fartar
Disfraces, parrandas, atranques

SÁBADO 18 DE FEBREIRO 2023
Local social de picón
A partir das 14h
25€ POR PERSOA
10€ MENORES DE 14

COMISIÓN DE PICON
comisiondepicon@gmail.com
Teléfonos reservas:
620976311 649809101
Anotarse antes do día 14

■ O 25 de febreiro Entroido en San Xán de Sales.

Xenerais Correos e Coros. Atranques a partir das 19:00 h.

Actuación do Grupo Reflejos e a Orquesta Olympus.

Carpa de 1000 metros e aparcadoiro gratuito.

SAN XULIAN DE SALES
2023  **VEDRA**
FESTA DO ENTROIDO


Sábado 25 de febreiro

XENERAIS CORREOS E COROS. ATRANQUES A PARTIR DAS 19:00H.
CONTINUAREMOS CON:

GRUPO REFLEJOS OLYMPUS

POR MEDIDAS DE SEGURIDADE RÓGASE QUE AS CARROZAS VEÑAN A PARTIR DAS 16:00H.
CARPA DE 1000 METROS E UN GRAN APARCADOIRO GRATUITO



Vedra participa na presentación do Premio de Literatura Infantil de Agadea. Infórmate na súa web.



Momento da recepción real na Nave da Estación.



Visita das Súas Maxestades de Oriente á Nave da Estación.



Festa de Fin de Ano da Aociación Cultural San Campio.



Cantarelas de Nadal da Asociación Cultural San Campio.



"Cantareliñas de Nadal" do Vedra Medra coa colaboración da Asoc. Cult. San Campio e do CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas".



Charla sobre becas deportivas en EEUU.



Unha das sesións do grupo de discusión sobre os recursos de conciliación en Vedra.



Vedra coa Asociación de Municipios do Camiño de Inveron a Santiago en Fitur 2023.



Paso de Vedra por Fitur co GDR Terras de Compostela.



Foi na... Estación Cultural

■ No pasado mes de xaneiro, o proxecto de “A Estación Cultural”, tiña por finalidade poñer en valor e visibilizar o labor dos creadores e creadoras locais.

Dende aquí o noso agradecemento a todas as persoas participantes nesta exposición colectiva: Tino Canicoba, Edelmiro Fernández, Esperanza Lema, Modelarte, José Quinteiro, Delio Sánchez, María Devesa, Cristina Corral, Jesús Damiá, Israel Jiménez, Lupa G. Cabal, Ana Valín, Emily Rodríguez, Concha Otero, Henrique Neira, Carmen Cutrín, Fermín Blanco, Cesar García, Marisa Otero, Abelardo Rendo, Manuel García, Emilio

Clemente, Carlos Gamás, Mochi Maceira, Antía Castro, Martín Rendo, Esmeralda Castro, Isa Albela, Escola de Sarandón, Aula Municipal de Pintura, Aula Municipal de Manualidades, Sociedade Parroquial de Vedra en Arxentina (especialmente a Orlando, Analía, Rocío e Camila), Asociación Senunpeso.

Tamén aos grupos musicais que encheron de festa a estación de xaneiro: BB+, Pauliña e OkeOH

Vedra é terra de artistas... de cultura!



Programa de radio con creadoras locais.



Concertos coa Charanga Bb+, Pauliña e OkeOH.



Proxeccións audiovisuais con Senunpeso e Meteórica Cine.



Streaming entre Vedra de arriba e de abaixo.



Obradoiros creativos.



Exposición creadores-as.

XXVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



XXVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

Vedra • 2023

PROGRAMACIÓN

- 5 Domingo Febreiro VII MARATÓN DE MONTAÑA "A CAMELIA" (CDM VÉRTICE)
- 25 Sábado Febreiro VISITAS TEATRALIZADAS AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA COA COMPAÑÍA ANDARAVÍA TEATRO "Benvído, Sr. Ilustrado"
- MESA DE EXPERIENCIAS SOBRE A CAMELIA Programa de radio
- 26 Domingo Febreiro APERTURA DA EXPOSICIÓN DA CAMELIA SHOWCOOKING SOBRE COCIÑA CON CAMELIA INAUGURACIÓN Irmandade con Celorico de Basto (Portugal) ACTUACIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA ESPECTÁCULO INFANTIL E FAMILIAR "OH-PERAI" (Circo Chosco) ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA CONCERTO AILÁ
- 5 Domingo Marzo XII BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA (RIBADULLA)
- 11 Sábado Marzo OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO BONSAI DE CAMELIA
- 18 Sábado Marzo EXCURSIÓN Á FESTA INTERNACIONAL DAS CAMELIAS DE CELORICO DE BASTO (PORTUGAL)

Máis información en www.concellodevedra.gal








XXVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

26 de febreiro de 2023
Centro de Emprendemento "A Estación"
Santa Cruz de Ribadulla - Vedra

- 12:00 h. APERTURA DA EXPOSICIÓN DA CAMELIA
- 12:30 h. SHOWCOOKING SOBRE COCIÑA CON CAMELIA
- 13:00 h. INAUGURACIÓN co Doutor en bioloxía e experto en botánica DON CARLOS RODRÍGUEZ DACAL Irmandade con CELORICO DE BASTO (PORTUGAL)
- ENTREGA DE PREMIOS E AGASALLOS DE PARTICIPACIÓN PARA AS MOSTRAS DE FLOR E ORNAMENTACIÓN CON CAMELIA
- 13:30 h. ACTUACIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA
- 17:00 h. ESPECTÁCULO INFANTIL E FAMILIAR "OH-PERAI" con CIRCO CHOSCO
- ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA
- 18:30 h. CONCERTO: AILÁ
- 20:00 h. PECHE DA XORNADA

Máis información en www.concellodevedra.gal








XXVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

Vedra • 2023

Visita teatralizada ao PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

"Benvído, Sr. Ilustrado"

coa compañía Andaravía Teatro

25 DE FEBREIRO

Grupo 1 ás 11:30 h.
Grupo 2 ás 16:30 h.



Gratuita

Inscripcións en www.concellodevedra.gal
Prazas limitadas









XXVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

Vedra • 2023

Obradoiro de iniciación ao BONSAI DE CAMELIA

Imparte:

JOSÉ FREIRE CRUCES
Coleccionista de bonsai e de camelia de colección (Padrón)

11 DE MARZO DE 10:00 A 13:00 h.
Centro de Emprendemento A Estación



Máis información e inscricións 981 814 691
www.concellodevedra.gal
Gratuito - Prazas limitadas








A ESTACIÓN CULTURAL: SEGUINTE PARADA O 25 e 26 DE FEBREIRO!!

Cultura na Nave



TERRA

FEBREIRO

Sábado 25

Grupo 1: 11:30 hs | Grupo 2: 16:30 hs

Visitas teatralizadas ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla coa compañía Andaravia Teatro "Benvido, Sr. Ilustrado"

Gratuita - Prazas limitadas
Inscripción en www.concellodevedra.gal

18:00 hs | Nave da Estación

MESA DE EXPERIENCIAS SOBRE A CAMELIA: Programa de radio

19:00 hs | Aula de formación - Casa da Estación

OBRADOIRO DE ECONOMÍA CIRCULAR

Praza limitadas
Inscripción en www.concellodevedra.galMáis información en: concellodevedra.gal
Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla - Vedra

Domingo 26

13:30 hs

EXPOSICIÓN:

A Flora exótica invasora no curso medio dos ríos galegos (AMABUL)
Mostra de Camelia: "O noso rural" (Asociación Amigos/as da Camelia do Val do Ulla)Actuación da
Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra

18:30 hs

CONCERTO:

Ailá

Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ Sabes que no Centro de Emprendemento A Estación contamos cun:

LABORATORIO DE IDEAS E INNOVACIÓN CULTURAL

O laboratorio de ideas e innovación no ámbito cultural é unha iniciativa que ten como finalidades principais: reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural vedrés como ferramenta de cambio, dinamización e transformación social, xerar impacto social e económico no Concello e axudar no desenvolvemento do talento no ámbito cultural.

Accións previstas:

- Contacto e xuntanzas co tecido asociativo e empresarial do ámbito cultural que desenvolvan actividades no concello de Vedra.
- Servizo de asesoramento gratuito para a creación e posta en marcha de proxectos, produtos e servizos culturais.

- Formación das persoas promotoras de ideas ou iniciativas.

- Creación dunha rede de traballo colaborativa.

- Cesión de espazos: aula de formación, vagón, nave multiusos.

Es artista, artesá/n, asociación, empresa do sector cultural ou emprendedor/a?

Precisas axuda para o deseño, creación ou posta en marcha dalgunha idea relacionada co mundo da cultura?

Contacta con nós no 981 512 244, 600 425 016 ou en aestacion@concellodevedra.gal

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO



XII RUTA CICLOTURISTA BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

■ Achégase esta proba que reúne deporte e turismo da man do Club "Ribadoulla". Trátase da XII ruta cicloturista BTT da Camelia polo Val do Ulla o vindeiro 5 de marzo.

Deportistas e afeccionados/as ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta BTT que se celebra ao redor da programación da camelia e percorrer as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

Contará con dous percorridos, unha ruta corta de 33 Km. e unha ruta longa de 65 Km. Partirá da pista de rodadura de Vedra ás 09:00 h. da mañá e estará aberta a participación de persoas adultas e maiores de 16 anos con autorización.

Inscripcións na páxina www.galitiming.com



SENDEIRISMO



■ Ruta dende As Grelas ata Laxe o sábado 25 de febreiro.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada en Breixo as 7:45 horas.
- Parada en Hipercor: 7:55 horas.
- Diante oficina do BNG (antigua Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal.

Xuventude

CURSO MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

■ Estás interesado/a en realizar este curso? Consta dunha fase teórico-práctica de 200 horas, e dunha fase práctica de 150 horas. É un curso homologado pola Xunta de Galicia.

Requisitos

- Ter cumpridos os 18 anos no inicio do curso.

- Ter rematado a Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

Inicio previsto: intensivo en Semana Santa e logo fins de semana.

Para máis información e inscricións: xuventude@concellodevedra.gal ou 981 814 695



VOLUNTARIADO XUVENIL 2023

■ **Tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo?**

Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral?

Anímate a participar como voluntario/a xuvenil e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recuperación patrimonial... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se estás interesado/a e se queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar con nós a través do teléfono 981 814 695 ou no correo: voluntariado@concellodevedra.gal APÚNTATE XA!



Voluntariado

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL NO MEDIO RURAL

Uve de Voluntariado; uve de Vedra; uve de Valores; uve de Valía

■ Este programa de voluntariado pioneiro vaise levar a cabo na realidade no Concello de Vedra e está dirixido á mocidade de 16 a 35 anos e persoas maiores de 55 anos. A acción voluntaria realizarase por parellas, é dicir un mozo/a e unha persoa maior.

É un programa que busca unha achega social e comunitaria importante para o territorio. Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as achegas das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.
- Promover accións interxeracionais que fomenten a relación entre distintas xeracións e o intercambio de coñecementos.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o Concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

Consta de tres liñas de acción:

- **LIÑA TURÍSTICA. PROXECTO "SON VEDRA"** Dar a coñecer o Concello de Vedra e a súa riqueza a nivel patrimonial, cultural e histórica.
- **LIÑA AGROALIMENTARIA: PROXECTO "AGROVEDRA"** Poñer en valor o saber popular e mantemento das tradicións no sector agroalimentario.
- **LIÑA DE COHESIÓN TECNOLÓXICA E DIXITAL: PROXECTO "VEDREA"**. Fomentar a dixitalización nas persoas maiores.

As persoas voluntarias contarán con: formación, seguro de R.C. e de accidentes, gastos de desprazamento e manutención cubertos, certificación da experiencia...

Para máis información e inscricións:
voluntariado@concellodevedra.gal
981814695/91



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Escola de Saúde: Charla: "Con moito gusto, a sexualidade non ten idade"**

Xoves 9 de febreiro ás 20:00 h.
Imparte: Sabela Maceira Mato (Especialista en educación sexual)

- **Escola de Saúde: Charla: "Coidados do pé" (podoloxía)**

Luns 13 de febreiro ás 19:00 h.
Campaña: Coidados porta a porta, da Xunta de Galicia.

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

Mércores 15 de febreiro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal. Prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 2 de febreiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse

por rigorosa orde de inscrición).

- **Baile de Entroido**

Venres 17 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Social.

Premios aos mellores disfraces e moitas sorpresas.

- **Bingo**

Xoves 23 de febreiro ás 20:00 h.

- **Excursión e Circuíto Termal nas Termas de Monçao (Portugal)**

Mércores 8 de marzo.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal. Prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición ábrese o 22 de febreiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

- **Bingo**

Xoves 16 de marzo ás 20:00 h.

- **Excursión a Medina del Campo, Ávila, El Escorial**

21,22 e 23 de marzo. (3 días, 2 noites). **Itinerario:** visita a unha adega de Rueda, visita guiada ao Castillo de La Mota, visita a Ávila, visita a Arévalo, visita ao mosteiro de El Escorial.

Prezo: 235 € (Inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, visitas, entradas e seguro de viaxe. Hotel de 4 estrelas no centro de Ávila) - prazas limitadas - aberta a tódolos/as interesados/as. (O prazo de inscrición ábrese o 1 de febreiro de xeito presencial na Cafetería do Centro. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).

LUDOTECA: A VOLTA AO MUNDO

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no Entroido e gozar. Ao mesmo tempo comezaremos a vivir a fantástica aventura da Pokeludo coa que nos transportaremos ao mundo Pokemon a través de distintas actividades. Os días de Entroido non lectivos a Ludoteca abrirá de 8:30 h. a 14:30 h. Información no telf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



XUNTA DE GALICIA

Concello de Vedra

TABOLEIRO DE AXUDAS DOS SERVIZOS SOCIAIS!!

1. PROGRAMA DE AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

- **Segue aberto o prazo para solicitar a axuda ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2022-2025 ata o 05 de maio de 2023.**

A axuda consiste no abono do 50% do importe do alugamento e deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Ter contrato de alugamento cunha duración míni-

ma dun ano e no que conste a referencia catastral da vivenda.

- Que a renda mensual da vivenda non supere os 400€ (importe establecido na zona territorial 2 na que se atopa Vedra). Este límite pode incrementarse ata nun 20% en familias numerosas ou cando se precise unha vivenda adaptada.
- Que a suma total das rendas anuais dos conviventes sexan igual ou inferiores:
 - 3 veces IPREM: regra xeral

Continúa na páxina 9



- 4 veces IPREM: Familia numerosa xeral, con persoas con discapacidade ou vítimas de terrorismo.
- 5 veces IPREM: Familia numerosa especial ou con discapacidade superior ao 33%.
- Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,5 veces o IPREM.

A axuda concederáse anualmente e poderá acadar o prazo máximo de 5 anos, previa solicitude de renovación anual e mantemento dos requisitos que deron lugar a ela.

A persoa arrendadora da vivenda deberá ter coñecemento de que o seu inquilino solicita esta axuda, xa que ten efectos sobre ambos.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/portada>
- Nos rexistros públicos (incluído o do Concello de Vedra)

Máis información:

- Bases reguladoras e convocatoria: Resolución do 29/11/2022 do IGVS (DOG do 14.12.2022): https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221214/AnuncioC3Q2-301122-0001_es.html
- Instituto Galego de Vivenda e Solo: 981 541 981 e 981 957 529
- Departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra: 981 814 693

2. PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO. TEMPADA 2023

■ Poderán participar as persoas residentes en España que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a) Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente.
- b) Ser pensionista de viuvez con 55 ou máis anos de idade.
- c) Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade.
- d) Ser persoa asegurada ou beneficiaria do sistema de seguridade social con 65 ou máis anos de idade.

Prazo para a **presentación de novas solicitudes ou modificación de datos**:

- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto de 2023 o prazo de solicitudes está pechado.
- Para as quendas dos meses de setembro a de-

cembro de 2023 o prazo de novas solicitudes ou modificación de datos estará aberto ata o 15 de maio de 2023.

Prazo para a **inclusión na listaxe de agarda** para cubrir prazas que queden vacantes por renuncias ou outras circunstancias:

- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto, ambos inclusive: ata o 14 de maio de 2023.
- Para as quendas dos meses de setembro a decembro: ata o día 15 de novembro de 2023.

As persoas que participaran no programa en anos anteriores recibirán na súa vivenda a carta de acreditación. Se desexan variar algún dato persoal ou preferencia deberán presentar o formulario cuberto dentro dos prazos indicados.

Para facer as inscricións no departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra róga-se solicitar cita previa no teléfono 981 814 693.

Máis información:

- Resolución do 21/11/2022 do IMSERSO, publicada no BOE do 29/11/2022.
- Teléfono IMSERSO: 912 667 713
- Páxina web: <https://sede.imserso.gob.es/web/sede-electronica>

3. AXUDA DE PAGO ÚNICO DE 200 € DA AEAT

■ O BOE do 28/12/2022 publicou a convocatoria para o ano 2023 da axuda de pago único da Axencia Estatal da Administración Tributaria de 200 €.

Requisitos:

- Persoas físicas que durante o exercicio 2022 traballasen e estiveran dados de alta na Seguridade Social ou percibiran unha prestación ou subsidio por desemprego.
- Os ingresos íntegros do ano 2022 sexan inferiores a 27.000 €.
- O patrimonio a 31/12/2022 sexa inferior a 75.000 €.
- Ter residencia habitual en España no exercicio 2022.

O cómputo de ingresos e patrimonio efectuarase tendo en conta ao cónxuxe ou parella de feito inscrita en rexistro, persoas que puideran dar dereito a aplicar o mínimo por descendentes do IRPF e cos ascendentes ata segundo grao por liña directa que convivan no mesmo domicilio. Teranse en conta estas circunstancias a 31/12/2022.



NON terán dereito a axuda as seguintes persoas:

- As que a 31/12/2022 foran perceptoras do ingreso mínimo vital.
- As que a 31/12/2022 foran pensionistas.
- As que durante o ano 2022 foran administradoras de dereito dunha sociedade mercantil, que non cesara a súa actividade a 31/12/2022, ou titulares de valores representativos da participación en fondos propios dunha sociedade mercantil non negociados en mercados organizados.

Lugar e prazo para presentar solicitudes:

- **Na Sede Electrónica da AEAT** con certificado dixital, DNI-e ou sistema Cl@ve. O concello de Vedra é Oficina Rexistro Cl@ve, polo que pode solicitarse de xeito presencial nas instalacións municipais previa cita no teléfono 981 814 612.
- **Do 15 de febreiro ao 31 de marzo de 2023.**

Máis información:

- Real Decreto-Lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade (BOE núm. 311, do 28/12/2022): <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-22685>
- Páxina web da AEAT: <https://sede.agenciatributaria.gob.es/>

4. APERTURA DE NOVO PRAZO PARA DARSE DE ALTA NO PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO (TEMPADA 2023)

■ O novo prazo de presentación de solicitudes para participar no programa de TURISMO do IMSERSO para a tempada de 2023 comezou o 13 de decembro de 2022 e remata o 01 de maio de 2023.

As persoas que xa estaban acreditadas ou se deran de alta no mes de xullo NON teñen que volver presentar ningunha solicitude. Esta convocatoria extraordinaria é só para aqueles que non estean dados de alta con anterioridade.

Requisitos:

1. Ser pensionista de xubilación do sistema de Seguridade Social español.
2. Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
3. Ser pensionista por outros conceptos do sistema de Seguridade Social español ou perceptor de pres-

tacións ou subsidios de desemprego, con 60 anos cumpridos ou máis anos de idade.

4. Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco anos cumpridos ou máis anos de idade.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Na Sede electrónica do IMSERSO: <https://imserso.es/web/sede-electronica/procedimientos-servicios/turismo-termalismo-imserso>
- Nos rexistros administrativos (incluído o do Concello de Vedra).
- Por correo postal, enviando a solicitude á seguinte dirección: PROGRAMA DE TURISMO DEL IMSERSO, APARTADO DE CORREOS 10.140 . 28080 MADRID

As persoas interesadas que desexen tramitar a súa alta no departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra deberán solicitar cita previa no seguinte teléfono 981 814 693.

Máis información:

- Teléfono: 912 667 713
- Páxina web do IMSERSO: <https://imserso.es/web/imserso>
- No departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra (981 814 693).

5. PROGRAMA COIDADOS PORTA A PORTA.

■ Os días 13, 14 e 15 de febreiro poderase volver a desfrutar en Vedra do programa “Coidados porta a porta” destinado a persoas maiores de 55 anos.

Todos os servizos ofertados son gratuítos e serán os seguintes:

- **Servizo de prevención da xordeira:** atención básica, informativa e de prevención.
- **Servizos de podoloxía:** para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés (eliminación de durezas, control de uñas).
- **Servizos de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.** Consistente en: realización de probas de valoración cognitiva, exercicios e fichas de estimulación cognitiva, actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, prevención da soidade non desexada e promoción da autonomía persoal.

Poderase solicitar cita previa dende o 13 de xaneiro nos seguintes teléfonos 622 748 283 e 623 546 992 ou mediante correo electrónico coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal

Continúa na páxina 11

6. REVISIÓN ANUAL DAS PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS.

■ As persoas perceptoras de pensións non contributivas (de xubilación ou de invalidez) deberán presentar a revisión anual, xunto coa documentación necesaria, **antes do 31 de marzo de 2023**. Documentación (depende da situación de cada pensionista):

- Xustificantes das rendas e dos ingresos do ano 2022 do/a pensionista e das demais persoas que

integran a unidade económica de convivencia, que non foran declarados con anterioridade.

- No suposto de variacións no número de persoas conviventes acreditarán a do concello de residencia ou por calquera outro medio de proba.

Para acudir ao departamento de servizos sociais comunitarios a tramitar a renovación será necesario solicitar cita previa no teléfono 981 814 693.

Muller

MULLERES + 2023

■ Programa da promoción do apoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Destacar que a proposta formativa promoverá dun xeito transversal o autocoidado das mulleres participantes, onde en todo momento, se buscará o seu benestar físico, mental e emocional.

Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquiriran coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet. Para acadar estas competencias dixitais durante estes meses, farase a través da creación duns Podcasts onde se aplicará o aprendido con anterioridade e poñeranse na práctica diferentes habilidades de desenvolvemento persoal como autoconhecimento, habilidades comunicativas e traballo en equipo.

Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest, etc.).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blog).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.

Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.

Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan expor e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...).



O taller desenvolverase en distintos horarios para facilitar a participación a través de actividades en grupo e individuais de coaching.

O CURSO É GRATUÍTO

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.

VEDRA “EN CLAVE DE COIDADOS”

Venres 3 de febreiro ás 18:00 horas na biblioteca. **Trátase dunha xornada sobre os coidados e a coresponsabilidade no Concello de Vedra**


- Presentación do mapa e estudo de recursos e necesidades para a conciliación e coresponsabilidade.
- Conciliando dende o local, políticas públicas de conciliación e coresponsabilidade. Relator: Andrés Núñez, técnico da FEGAMP.

NON O PODES PERDER!!!



O XVI CONCURSO DE CARTEIS PARA ANUNCIAR TEATROFILIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Xa ten gañadoras nas súas dúas categorías. A gañadora da categoría absoluta foi María Isabel Currais Sendón, o seu cartel será o encargado de anunciar moi pronto a vindeira edición de TEATROFILIA 2023.



E a gañadora do accésit infantil foi Xiomara Neira.

Prestade moita atención que xa está aquí a XIX Edición de Teatrofilia que será os venres, sábados e domingos dende o 10 de marzo ata o 1 de abril.

CAMPUS AVENTURA COA ANPA DO CPI DE VEDRA

CAMPUS AVENTURA



Para unhas vacacións de Entroido de aventura en Vedra!

20, 21, 22 FEB

INSCRÍBETE!

www.anpavedra.es
Pavillón de Vedra
De 10 a 13 horas (mércores 22 ata as 14h)

Os días 20, 21 e 22 de febreiro, a USC (Corresponsables USC) xunto coa ANPA do CPI de Vedra organizan o **Campus Deportivo de Aventura e Orientación**, unha actividade de iniciación ás carreiras de orientación.

- Inscripción **gratuita**. Prazas limitadas.
- Idades ás que vai dirixido: 2 grupos de **6-10** e de **11 a 16 anos**.
- A actividade será impartida por Raíd Gallaecia, organizadores do Campionato do Mundo de carreiras de aventura celebrado en 2021 en Galicia.



ESCOLA VÉRTICE

■ Carreiras por montaña, técnica, velocidade, compañeirismo! Inscríbete e infórmate en <https://clubvertice.es/escola/>

ESCOLA VÉRTICE

CARREIRAS POR MONTAÑA

...técnica, velocidade, natureza, compañeirismo...

NOVA TEMPADA 2023

Onde? Lestedo-Pico Sacro, Boqueixón
Cando? Os xoves pola tarde, para: nadas/os en 2017-2012, de 16:30 a 18:00, e nadas/os en 2011-2007, de 18:00 a 19:30

Impartida por Verónica Calvo Dopazo, seleccionadora galega de carreiras por montaña.
Inscripcións e máis información: <https://clubvertice.es/escola/>





VII MARATÓN POR MONTAÑA ACAMELIA 2023

4 de febreiro: Subida ó Pico Sacro 3,2 km/385+m
5 de febreiro: Trail 14 km/370+m
Andaina 14 km/370+m
Maratón 42 km/1900+m



Vedra
Inscripcións: www.clubvertice.es

PEQUETRAIL

5 de febreiro de 2023

Pelouros - 600 m
(2014-2017)

Penedos - 2 km
(2011-2013)

Picoutos - 4 km
(2007-2010)



LIGA BIBERÓNS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

BIBERÓNS

NENOS E NENAS NADOS NOS ANOS 2017 E 2018

ANIMATE E VEN A XOGAR AO FÚTBOL CON NÓS

Información

 escolasdeportivasvedra@gmail.com

 622 62 92 05

 <https://www.escolasdeportivasvedra.org>









PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!